

RESOLUCIÓN REITORAL DO 29 DE NOVEMBRO DE 2011 POLA QUE SE FAI PÚBLICA UNHA CONVOCATORIA DE BOLSAS COLABORACIÓN PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SISTEMAS INFORMÁTICOS, DENTRO DO AMBITO DO CAMPUS DE OURENSE PARA O ANO 2012.

Co fin de proceder a formación do estudiantado da Universidade de Vigo

Saída Nº. 201100020702
29/11/11 11:58:52

Esta Reitoría

En virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 6/2001, de 21 de decembro modificada pola Lei 4/2007 de 12 de abril, de Universidades e o artigo 58 do Decreto 7/2010, do 14 de xaneiro, polo que se aprobaron os Estatutos desta Universidade, e de acordo coa resolución do 5 de setembro de 2011 de delegación de competencias.

RESOLVE:

1. Anunciar a convocatoria de bolsas-colaboración para a formación complementaria do estudiantado da Universidade de Vigo nos sistemas informáticos das aulas docentes e de libre acceso dentro do ámbito do campus de Ourense.

2.- Ordenar a publicación da devandita convocatoria nos taboleiros de anuncios de todos os centros do campus de Ourense e no Rexistro Xeral e Auxiliares da Universidade de Vigo.

3.- Os fondos destinados a pagamento destas bolsas corresponderán á partida orzamentaria 2012OUR1 421S 482.05.

4.- As solicitudes para participar na presente convocatoria axustaranse ao modelo que figura no Anexo III e estarán á disposición dos interesados na seguinte dirección de Internet: <http://vicou.uvigo.es>. As bolsas solicitaranse dende o día 29/11/11 ata as 14:00 horas do 14/12/11, presentado a documentación requirida nos lugares indicados na normativa.

Contra esta resolución que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a Xurisdición Contencioso-Administrativa, no prazo de dous meses contados desde o seguinte a súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a dictou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antes mencionado mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ourense, 29 de novembro de 2011
O REITOR
P.D. (R.R. 05/09/11)
A Vicerreitora do campus de Ourense

Asdo.: María Lameiras Fernández



Dilixencia para facer constar que esta Resolución se publicou nos Rexistros da Universidade de Vigo con data 29/11/2011

Teresa Díaz Álvarez
Área de Servizos á Comunidade

BASES DA CONVOCATORIA

I. OBXECTO

O obxecto das devanditas bolsas é facilitar que o estudiantado da Universidade de Vigo preste a súa colaboración, en réxime de compatibilidade cos seus estudos, nas aulas informáticas docentes e nas aulas de libre acceso do campus de Ourense.

II. DESTINATARIOS

Estas bolsas están destinadas ao estudiantado da Universidade de Vigo matriculado, que realiza estudos conducentes a obter títulos oficiais, incluídas as persoas que estean realizando o proxecto fin de carreira (PFC) ou tese de licenciatura, e que acrediten curricularrmente, un nivel de coñecementos tal, que lles permitan o seu aproveitamento. O non cumprimento da condición de estar matriculado na Universidade de Vigo, leva consigo a perda de todo dereito ao goce da bolsa de colaboración, de permanecer en lista de agarda ou a revogación e devolución das cantidades percibidas se xa se tiña concedida a bolsa.

III. ORGANIZACIÓN

Os bolseiros ou bolseiras estarán baixo a responsabilidade dos/as directores/as ou decanos/as correspondentes, quen poderán delegar nun coordinador/a o seu seguimento.

O tempo de dedicación estará comprendido entre 10 e 20 horas semanais, tendo en conta os períodos lectivos do curso académico. Excepcionalmente, tras a oportuna xustificación, poderase establecer outra dedicación sempre de acordo co artigo 3 do R.D 1497/81 que determina que o devandito tempo non deberá exceder do 50% do tempo íntegro que constitúe o curso académico.

A dedicación de cada bolseiro/a debe adecuarse á súa carga lectiva, e para iso poderá solicitarlle á persoa coordinadora un horario axeitado, que pode, excepcionalmente, compensar ata un 20 % das horas de dedicación entre meses.

As adxudicacións das bolsas, poderán ser revogadas no caso de descubrirse que na súa concesión concorren ocultación ou falseamento de datos, ou que existe incompatibilidade con outras axudas outorgadas para a mesma finalidade. As bolsas concedidas poderán ser revogadas se se produce o incumprimento das obrigas contraídas na aceptación da bolsa.

O pagamento, preferentemente, será mensual e retribuirá as horas realizadas nese período conforme o establecido nesta convocatoria. O coordinador ou coordinadora emitirá un informe favorable/desfavorable da actividade desenvolvida polo/a bolseiro/a, atendendo á súa actitude e obxectivos cumpridos, en que se fará constar o número de horas realizadas e o tipo de remuneración aplicable. O pagamento, sempre estará suxeito aos procedementos de control establecidos na Universidade de Vigo. Este informe poderá ser tido en conta en futuras convocatorias.

IV. INCOMPATIBILIDADES

Os/as bolseiros/as que estean a gozar dunha bolsa para a formación complementaria so poderán participar nunha nova convocatoria de bolsa do mesmo obxecto no caso de convocatorias que substitúen a outras que finalizan.

En calquera caso, o estudantado non poderá gozar dunha bolsa co mesmo obxecto, “formación complementaria dos estudantes da Universidade de Vigo”, por un período superior a vinte e catro meses, de forma consecutiva ou discontinua, este límite terase en conta no momento de avaliación dos méritos. O cómputo do tempo do bolseiro farase por meses completos, se a bolsa se inicia antes do día 15 ou finaliza despois, incluído este, computarase como un mes enteiro para o cálculo do límite dos vinte e catro meses.

No caso de que o/a bolseiro/a goce doutra bolsa distinta ás de axuda ao estudo, deberá solicitarlle a vicerreitora do campus de Ourense a súa compatibilidade, no caso contrario poderá ser causa de anulación da condición de bolseiro/a ao que se refire a normativa.

O goce das bolsas de formación complementaria é incompatible con calquera relación laboral ou administrativa pola que se perciban retribucións a cargo dalgunha entidade pública ou privada.

V. DOCUMENTACIÓN

O estudantado que queira concorrer ás convocatorias, presentará debidamente cuberto, o modelo oficial de instancia nos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo, acompañada da seguinte documentación:

1. Currículum vitae, no que indicará a formación e as actividades realizadas que considere de interese para o desenvolvemento da bolsa.
2. Extracto académico dos estudos realizados e dos cursos de especialización.
3. De ser o caso, xustificante de posesión de bolsas distintas ás de axuda ao estudo.
4. Os solicitantes que estean realizando o proxecto fin de carreira (PFC) ou a tese de licenciatura deberán de entregar un informe desa situación do seu director.

VI. SELECCIÓN

O proceso de selección farase por unha comisión de valoración nomeada pola vicerreitora do campus de Ourense, atendendo aos criterios establecidos na convocatoria para cada tipo de bolsa. Podéndose ter en conta as materias curriculares superadas e relevantes para o perfil, a formación específica e a experiencia práctica na materia obxecto da bolsa.

Logo de rematar o proceso de selección, publicaranse as listas provisionais de candidatos/as de acordo coa puntuación obtida nos taboleiros de anuncios dos rexistros xeral e auxiliares da Universidade de Vigo. Fixarase un prazo de tres días hábiles, que contarán dende o día seguinte á publicación das devanditas listas, para que os/as candidatos/as presenten as alegacións que consideren oportunas ao presidente da comisión.

Unha vez resoltas as alegacións, publicaranse as listas definitivas dos/as candidatos/as coa puntuación obtida, en que se indicará o lugar, data e hora para escolla e adxudicación das bolsas, se é o caso. A escolla e adxudicación farase de acordo cos criterios de mellor avaliación do candidato. Aquelas persoas que non obtivesen bolsa ou non a escollesen quedarán nunha lista de agarda para suplir posibles incidencias. Os/as candidatos/as que non poidan asistir a escolla das bolsas poderán nomear unha persoa representante, para que actúe no seu nome, sempre que estea suficientemente acreditada.

VII. ACEPTACIÓN E RENUNCIA

As persoas bolseiras propostas terán un prazo de 3 días hábiles para presentarse ao/a Director/a Decano/a do centro correspondente dende a data de adxudicación quen fará chegar á vicerreitora do campus de Ourense a súa conformidade. Transcorrido este prazo, entenderase que quen non se presente renuncia aos beneficios da bolsa e o seu posto será ocupado por outro/a solicitante atendendo á lista de agarda.

A renuncia voluntaria á bolsa deberá ser comunicada por escrito o/a coordinador/a correspondente con 20 días de antelación. A renuncia sen causa xustificada será penalizada e impediralle ó acceso a outra bolsa do mesmo obxecto durante un período de 12 meses. Correspóndelle a vicerreitora do campus de Ourense a avaliación das causas alegadas.

VIII. ADICIONAIS

Todas as dúbidas que poidan xurdir na interpretación destas normas serán resoltas pola vicerreitora do campus de Ourense.

Calquera reclamación ou queixa que queira presentar un bolseiro ou bolseira se fará chegar á vicerreitoría do campus de Ourense a través da persoa coordinadora.

ANEXO I

BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DO ESTUDANTADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SISTEMAS INFORMÁTICOS - CAMPUS OURENSE

Duración: 01 de xaneiro de 2012 ata o 30 de setembro de 2012 (excluído agosto).

PC-1 (Aulas informáticas docentes)			
Centro	Nº Bolsas	Horas/Mes	Importe Hora
Facultade de Ciencias	2	60	4€
Escola Superior de Enxeñería Informática	2	60	4€
Facultade de Historia	1	60	4€
Facultade de Ciencias da Educación	4	60	4€
Facultade Ciencias Empresariais e Turismo	3	60	4€
Facultade de Dereito	1	60	4€

PC-2 (Aulas de acceso libre)			
Centro	Nº Bolsas	Horas/Mes	Importe Hora
Vicerreitoría Campus Ourense	3	80	5€
Facultade de Ciencias	1	80	5€
Escola Superior de Enxeñería Informática	2	80	5€
Facultade de Historia	1	80	5€
Facultade de Ciencias da Educación	2	80	5€
Facultade Ciencias Empresariais e Turismo	2	80	5€
Facultade de Dereito	1	80	5€

Funcións dos bolseiros PC-1 e PC-2

Os/as bolseiros/as desenvolverán as seguintes funcións: custodia e mantemento básico dos equipos; asesoramento básico dos equipos; asesoramento básico ao usuario; velar polo correcto uso dos equipos informáticos; velar polo correcto uso dos programas; detectar as incidencias que se producen; detectar as necesidades da aula e informar e actualizar a información a usuarios en relación a salas e outras tarefas de natureza similar ás descritas.

TIPO DE BOLSA	REQUISITOS ESPECÍFICOS
PC-1	Ter cursado como mínimo unha materia informática nun centro universitario ou ter realizado un mínimo de 60 horas lectivas en cursos de informática.
PC-2	Ter cursado como mínimo dúas materias informáticas nun centro universitario ou ter realizado un mínimo de 120 horas lectivas en cursos de informática.

Criterios xerais de selección para as bolsas PC-1 e PC-2

Tipo de bolsa	Exp. Académico	Cursar estudos informáticos**	Experiencia previa	Formación complementaria
PC-1	40%	20%	30%	10%
PC-2	40%	20%	30%	10%

** Estudos informáticos.- valoraranse con dous puntos ós/ás candidatos/as que cursen estudos de Enxeñería Informática, Enxeñería Técnica Informática de Xestión, Grao en Enxeñería Informática ou Máster informático.

Criterios de valoración de formación complementaria e experiencia previa.

- Formación complementaria

Os cursos superados, organizados por centros oficiais ou entidades de recoñecido prestixio, así como os impartidos nos mesmos centros, serán valorados con 1 punto cada 60 h. Non se terán en conta os cursos que se valoraran como requisito para poder ter acceso á bolsa.

Neste apartado tamén se terán en conta os ciclos formativos relacionados coa convocatoria.

- Experiencia previa

A experiencia profesional xustificada, en actividades afíns ao obxecto da bolsa, será valorada con 0.125 puntos por mes traballado. O tempo gozado dunha bolsa, obxecto da convocatoria, asimilase a tempo traballado. Puntuación máxima 3 puntos (24 meses).

Bolsas vacantes

De quedar bolsas vacantes que non poden cubrirse da forma establecida anteriormente poderase ofertar as mesmas aos integrantes das listas de agarda doutro campus atendendo á orde de prelación en función da puntuación.

Comisión de valoración

A comisión de valoración estará integrada polos seguintes membros:

- Presidente/a: Vicerreitora do campus de Ourense ou persoa en quen delegue.
- Vogais:
 - ◆ O director da área de descentralización do campus de Ourense.
 - ◆ Un representante do profesorado, designado pola vicerreitora do campus de Ourense.
 - ◆ Un representante de estudantes designado pola vicerreitora do campus de Ourense
 - ◆ Un representante dos Servizos Informáticos con destino no campus de Ourense
- Secretario/a: A persoa designada pola vicerreitora do campus de Ourense entre o PAS do seu ámbito.

**CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A FORMACIÓN COMPLEMENTARIA DOS ESTUDANTES DA
UNIVERSIDADE DE VIGO NOS SISTEMAS INFORMÁTICOS – CAMPUS DE OURENSE**

ANEXO II

Impreso de solicitude

Denominación da convocatoria: **Bolsas informáticas 2012 Campus de Ourense**

CANDIDATO/A.

APELIDOS:		NOME:	
D.N.I.	ENDEREZO:		
C. POSTAL:	LOCALIDADE:	PROVINCIA:	
CORREO ELECTRÓNICO:		TELÉFONO MÓBIL:	
TELÉFONO FIXO:	MATRICULADO/A EN:		

Nota: Co fin de facilitar a comunicación de maneira persoal, é indispensable poñer o teléfono móbil ou enderezo de correo electrónico en letras maiúsculas.

II – DOCUMENTACIÓN ENTREGADA

- 1.- Curriculum Vitae relacionado co obxecto da convocatoria e declaración xurada.....
- 2.- Extracto Académico de estudos
- 3.- Documentos acreditativos de cursos de formación relacionadas coa convocatoria ..
- 4.- Certificación de estar realizando o P.F.C. ou Tese de Licenciatura.....
- 5.- Ficha persoal de pagamentos (segundo modelo da páxina 8 desta convocatoria).....
- 6.- Fotocopia D.N.I.
- 7.- De ser o caso, xustificante de posesión de bolsas distintas ás de axuda ao estudo..

Nota: O alumnado que xa se presentou nas convocatorias anteriores e non desexe achegar ningunha documentación nova, debe presentar unicamente esta folla e riscar o seguinte apartado:

- 8.- Dou por válida a documentación presentada na anterior convocatoria e que está depositada na sede da Vicerreitoría do campus de Ourense

Ourense, de de 2011
Sinatura

EXCMA. SRA. VICERREITORA DO CAMPUS DE OURENSE

FICHA PERSOAL DE PAGAMENTOS POR TRANSFERENCIA

FICHA PERSONAL DE PAGOS POR TRANSFERENCIA

DATOS PERSOALS / DATOS PERSONALES.

DATOS A CUBRIR POLO INTERESADO
DATOS A CUBRIR POR EL INTERESADO

Nº DE C.I.F. OU N.I.F. (Achegar copia):
Nº DE C.I.F. O N.I.F. (Adjuntar copia):

NOME DO PRECEPTOR:
NOMBRE DEL PRECEPTOR:

NOME COMERCIAL:
NOMBRE COMERCIAL:

ENDEREZO FISCAL:
DOMICILIO FISCAL:

CÓDIGO POSTAL:
CÓDIGO POSTAL:

POBOACIÓN:
POBLACIÓN:

TELÉFONO CON PREFIXO:
TELÉFONO CON PREFIJO:

SELO DA EMPRESA (se procede):
SELLO DE LA EMPRESA (si procede):

SINATURA:
FIRMA:

DATOS BANCARIOS / DATOS BANCARIOS.

DATOS A CUBRIR POLA ENTIDADE BANCARIA
DATOS A CUBRIR POR LA ENTIDAD BANCARIA

CÓDIGO CONTA-CLIENTE / CÓDIGO CUENTA-CLIENTE

ENTIDADE

OFICINA

VALID.

Nº. DE CONTA (DEZ DÍXITOS)

--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--	--

ENDEREZO DO BANCO / CAIXA:
DIRECCIÓN DEL BANCO / CAJA:

SINATURA E SELO DO BANCO / CAIXA:
FIRMA Y SELLO DEL BANCO / CAJA:

En , de 2011

FORMATO DO CURRÍCULUM VITAE

- 1.- Extracto Académico de estudos.

- 2.- Documentos acreditativos de cursos de formación relacionados coa convocatoria.

- 3.- Certificación de estar realizando o P.F.C. ou Tese de Licenciatura.

- 4.- Documentos acreditativos de experiencias de formación relacionados coa convocatoria.

DECLARACIÓN XURADA

D., con DNI:,
declara baixo xuramento que tódolos datos que manifesta neste escrito son verdadeiros e comprométese a achega-los documentos que así o acrediten, e entende que coñece tódolos termos da convocatoria onde se expresa que a ocultación ou falsidade de documentos leva consigo a perda de todo dereito para presentarse a esta convocatoria.

Lugar e Data:

Asinado: